## A CARCEL VELLA DE MONFORTE DE LEMOS

En Monforte de Lemos, no casco vello da cidade, hai un edificio, que se coñece popularmente como a Cárcel Vella, propiedade o señor Axuntamento, que está no máis completo abandono. Neste inverno pasado derrubóuselle o tellado e quedaron as paredes lisas. O aspecto do edificio é tétrico e case sobrecolledor. Perante moitos anos foi cadea. Logo quedóu completamente abandonado, sin que tivera ningún destino. Deica que rematou por caer.

A tradición monfortina dí que na Cárcel Vella viviu e prestou os seus servicios como funcionario de prisiós o escritor romántico Benito Vicetto. Que foi onde se documentou e escribiu a súa obra máis famosa: "Los hidalgos de Monforte". Polo que semella Vicetto somentes viviu uns meses en Monforte de Lemos. Din que pediu o traslado, debido a que unha irmá do escritor, que non rexía moi ben da cabeza, se namorou dun recluso. Naquela época os funcionarios de prisións vivían na mesma cárcel. Sexa como queira o caso, é que a Cárcel Vella nunca tivo unha placa, de que nós soupéramos, que lembrara a estadía de Benito Vicetto no sinistro caserón. A eso non hai direito.

Como vemos, a lénda do paso de Benito Vicetto por Monforte de Lemos é moi senxeliña e está tinguida de romantismo: a moza tola que se namora dun recluso; episodio que podería ter cabida en calqueira dos capítulos de "Los hidalgos de Monforte". Posiblemente que a lénda diga tamén que a irmá de Vicetto vestía sempre de branco e que tiña unha longuísima cabelaira loira e usaba grandes trenzas, "garcetas" que decían os nosos poetas medioevás.

Oxe as paredes núas, de cantería, da monfortina Cárcel Vella non poñen medo a ninguén, pese a que están cubertas de hedra. Mais ben dan mágoa. Aínda está en pé un



ventanuxo cuadrado, coas súas grosas reixas, que os ventos e as choivas invernás van enferruxando irremisiblemente. Ventos que, despois de percorrer a amplitude do Val de Lemos, varse agachar á veciña rúa do Burato.

Gustaríame que o señor Axuntamento de Monforte de Lemos —e chámolle señor porque lle teño respeto—, coa axuda de quen fora, lle botara unha man —que boa falla le fai— as paredes da Cárcel Vella. Este edificio merece conservarse. E sin non fora moita soñar podíase adicar a biblioteca municipal; museo e arqueixar un local como é debido pra conferencias, representacións teatrales e audicións musicales. E como ainda habería espacio podíase habilitar unha saliña pra reunios diversas. Supoño que o asunto non lle é alleo o Ministerio de Cultura.

De seguir unhos anos máis, no estado que agora están, as paredes da Cárcel Vella, ás choivas e a humedade van dar cabo delas. Non podemos consentir que esto suceda. Estamos seguros que, cando xa non haxa remedio, todo vai ser choros e laios. Estamos xa moi afeitos a eles.

Como diría un escritor romántico que os manes de don Benito Vicetto protexan esta empresa e que boten unha man o señor Axuntamento de Monforte de Lemos, a señora Diputación de Lugo e o don Ministerio de Cultura. E que cando se inaugure o novo edificio, totalmente restaurado, non se esqueza a placa e honra de Benito Vicetto, pra tenta ben merecida.

ANT, 63